

LICENZAS E COTAS

Tempada 2006 - 2007 - Circulares 06-11

A seguir indícanse os importes das cotas para clubs e licenzas federativas para a presente tempada:

Cotas club:

Primeira actividade

170 euros

Seguintes actividades (por cada unha delas)

65 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira actividade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

O pagamento da cota será imprescindible para a participación en calquera competición organizada pola FEGAN

Licenzas (Incluído SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVO):

Licenza de Deportista

33 euros

Licenza de Deportista Promoción

17 euros

Licenza de Deportista Máster

33 euros

Licenza de Árbitro

10 euros

Licenza de Técnico

33 euros

Licenza de Directivo

17 euros

Licenza de Escola

17 euros

Ampliación licenza de Escola a Deportista

20 euros

O pagamento tanto das licenzas así como das cotas de club deberá realizarse no momento da súa presentación á Federación, xa sexa mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través transferencia bancaria á conta de Caixa Galicia código: 2091-0000-34-3040146767 especificando claramente o concepto da transferencia.

Licenzas de deportista, técnicos e directivos

As licenzas de deportista en calquera das súas modalidades permiten a participación en todas as competicións organizadas pola FEGAN e serán as consideradas para os efectos de baremo de clubs. Estas licenzas, así como as de Técnicos e Directivos unicamente poderán ser tramitadas polos clubs afiliados á FEGAN.

Poderase tramitar a licenza de Deportista Promoción nos seguintes casos:

En Natación para os nados no ano 1999 e posteriores

En Wáter-polo para os xogadores nados no ano 1994 e posteriores

En Natación Sincronizada para as nadas no ano 1997 e posteriores

Por cada licenza de Deportista tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 2 euros. Se o número total de licenzas supera as tramitadas na tempada anterior recibirá unha cantidade adicional de 0.5 euros por licenza ou de 1 euro se o incremento supera o 25%. Estes incrementos enténdense por especialidade.

Por cada licenza de Deportista Promoción tramitada o club recibirá a cantidade de 4 euros.

Todas as licenzas de deportistas (incluídas as de promoción), técnicos e directivos deberán ser tramitadas a través do programa de licenzas e a confirmadas pola Federación. A remisión das licenzas deberá realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), e ao menos 8 días antes da participación en calquera competición. Os resultados que cheguen á Federación con licenzas que non sexan reais non serán admitidos.

Para participar nas competicións organizadas pola FEGAN requírirase que todos os deportistas e técnicos estean en posesión de licenza. Ademais durante a competición, os deportistas deberán estar acompañados por unha persoa do club responsable do equipo e que posúa a correspondente licenza federativa, xa sexa de técnico ou de directivo. A devandita persoa será a única representante do club durante a competición para todos os efectos.

Licenzas de escola

As licenzas de escola non serán válidas para participar nas competicións oficiais da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

Estas licenzas non teñen que ser tramitadas necesariamente por clubs afiliados á FEGAN.

O trámite realizarase a través do modelo en Excel editado para os efectos. Dito modelo localizarase na alínea de impresos da web da FEGAN co nome de "Inscripción Licenzas Escolas 2006-2007"

Por cada licenza de escola tramitada o club recibirá da FEGAN a cantidade de 4 euros.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Secretaría Xeral da FEGAN